



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Resolución definitiva dos centros docentes seleccionados para participar no “Congreso escolar Aliméntate ben 2018” para centros docentes públicos de ensino non universitario dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo os termos establecidos no artigo 11 da Resolución do 22 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no “Congreso escolar Aliméntate ben 2018” para centros docentes públicos de ensino non universitario dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2017/18, e dado que non houbo ningunha reclamación ou renuncia á listaxe provisional, elévase a definitiva dita listaxe.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2018



Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa